














# multiCLASS Book

















Manual de usuario v.7.0  
Gallego





# Contido

multiCLASS Tools .....	3
Calibración.....	3
Perfil de usuario .....	4
Configuración .....	4
<b>INTEGRACIÓN CON SOFTWARE DE TERCEIROS .....</b>	<b>5</b>
<b>COMENZADO CON MULTICLASS BOOK.....</b>	<b>6</b>
Introdución.....	6
Controis básicos: .....	6
Xestos para o uso do encerado.....	6
Sobre a zona de traballo: .....	8
Barra de ferramentas: .....	8
Barra de navegación lateral .....	12
Barra inferior .....	12
Administrador de Arquivos .....	13
 Importar .....	13
 Exportar.....	13
Configuración .....	14
 Axuste de Idioma.....	14
 Perfís de Usuario.....	14
 Configuracións .....	14
<b>CREACIÓN DE CONTIDOS.....</b>	<b>15</b>
Debuxando .....	15
 Pluma .....	15
 Selección de cor.....	15
 Selección do tipo de liña .....	16
 Transparencia .....	16
 Borrador .....	16

Debuxando formas.....	17
Ferramentas de Xeometría .....	17
Compás.....	17
Regra .....	18
Escuadra .....	18
Transportador .....	18
Inserir material multimedia .....	19
 Inserir imaxe desde Google .....	19
 Inserir captura de pantalla.....	19
 Hipervínculos .....	20
 Biblioteca.....	20
Inserir texto .....	21
 Texto .....	21
Recoñecemento de escritura .....	21
Edición de obxectos .....	22
 Menú despregable .....	22
Edición de imáxes.....	23
<b>OUTRAS FUNCIÓNS .....</b>	<b>24</b>
 Modo pantalla completa .....	24
 Cámara de documentos .....	25
 Cortina e  Foco .....	25
 Lupa .....	25
 Playback.....	26
 Reprodutor de vídeo.....	26
 Reprodutor de texto .....	26
 Gravadora de pantalla .....	26
 Ferramenta 3D.....	27



Editor de fórmulas matemáticas..... 28



Debuxo de funcións matemáticas ..... 28

**SERVIZO POSTVENDA..... 29**

Soporte Técnico..... 29

Formación ..... 29


# Instalación do Software multiCLASS Book

Para instalar o software multiCLASS Book, primeiro insira o CD de instalación.


1. Iniciarase unha aplicación de instalación (se o desexa, tamén pode instalalo directamente dende a carpeta "software/multiCLASS\_Book.exe"). Seleccione o idioma e vaia ao apartado que corresponda ao seu produto multiCLASS ("multiCLASS Board" ou "multiCLASS Touch Screen") no menú lateral. Antes de instalar o software, é recomendable mirar se existe algunha versión máis actualizada, para iso facer clic en "Buscar Actualizacións".
2. Faga clic en "Instalar Software".




3. Faga clic en "Seguiente" para continuar.




4. Escollo a ruta de destino e faga clic en "Seguiente" para continuar.



5. Faga clic en "Instalar" para continuar coa instalación do Software.



6. Faga clic en "Finalizar" para completar a instalación do Software.




Tras a instalación do software, dous iconas son creadas no Escritorio do seu PC, estes son

multiCLASS Book () , (  ) e MultiCLASS Tools (  ).

### multiCLASS Tools

multiCLASS Tools é a ferramenta que permite calibrar o encerado ou pantalla. Ao executala, engadirá unha icona na barra de notificacións, xunto á data e hora da ventá de Windows.

- Despregando esta opción poderá acceder a:
  - . Perfil de usuario: para gardar a súa configuración
  - . Calibración
  - . Configuración: Para ver a descrición do encerado e cambiar o idioma de multiCLASS Tools
  - . Saír





- Execute a opción "Calibración" dende multiCLASS Tools.
- Pulse, preferiblemente co punteiro, sobre o centro do círculo vermello.
- Continúe ata completar os 9 puntos.



Despois, ten a posibilidade de gardar a calibración realizada no perfil de usuario.


- Seleccione " Se " para gardar a calibración no seu perfil. Así poderá acceder a ela cando o desexe
- Introduza o seu nome de perfil de usuario
- Faga clic en "OK".





## **Perfil de usuario**

Pode crear distintos perfís de usuario para gardar as súas configuracións en función do gusto de cada usuario do encerado.



## **Configuración**

Información do dispositivo


- Dende aquí pode verificar os datos do encerado e a súa correcta conexión co pc.

Seleccionar idioma

- Poderá seleccionar entre os diferentes idiomas dispoñibles.

Auto executar

- Pode elixir se desexa que o driver se execute automaticamente ao iniciar o pc.



# Integración con software de terceros

## Ferramentas de escritura táctil de MS Office (Ink Tools)

O software de multiCLASS Book está vinculado a Microsoft Office, polo que cando teña o encerado conectado ao equipo e abra algunha das aplicacións de Office, amosaralla unhas ferramentas novas que lle permitirán editar o documento:

Vexa un exemplo:


Abra un documento Word e vaia á pestana Revisar para seleccionar a opción “Iniciar entrada de lápiz” (esta opción non aparecerá se o encerado está desconectado)



Unha vez aquí poderá seleccionar distintos tipos de lapiseiros, así como o seu grosor e cores.




Grazas a esta ferramenta, poderá escribir a man alzada sobre calquera programa de MS Office: Word, Excel, OneNote,...



# Comenzado con multiCLASS Book

## Introdución




Para executalo faga clic na icona (  ) do escritorio.





### Controis básicos:





Cando use a man para traballar co encerado debe ter en conta algunhas observacións:

1. O dedo ha de formar un ángulo de 90º coa superficie táctil do encerado.
2. Evite tocar co resto de dedos a superficie táctil do encerado.
3. Evite que calquera outro obxecto interfira coa zona táctil mentres vostede escribe para que o seu uso sexa correcto.



### Xestos para o uso do encerado

Xesto	Cómo facelo?	
Seleccionar	Un toque sobre o encerado	
Botón dereito	Un toque e manteña un par de segundos	
Seleccionar e mover	Un toque sobre o obxecto e sen soltar despráceo	
Borrar	Poña a palma da man e móvaa sobre a área a borrar	

<p><b>Aumentar Zoom</b></p>	<p>Cun dedo de cada man separándoos entre si</p>	
<p><b>Diminuir Zoom</b></p>	<p>Cun dedo de cada man e achegándoos entre si</p>	
<p><b>Xirar obxecto</b></p>	<p>Cun dedo de cada man e xirando cara á dereita ou esquerda</p>	
<p><b>Desprazamento (Scroll)</b></p>	<p>Use máis de dous dedos ao mesmo tempo e despráceos no sentido desexado</p>	

## Sobre a zona de traballo:

No deseño da páxina por defecto, haberá 6 áreas diferentes:

**A: Barra de menú**


**D: Propiedades da vista actual**

**B: Barra de ferramentas**

**E: Zona de debuxo**

**C: Barra de navegación**

**F: Barra inferior**



A zona de debuxo estará no centro da ventá. A barra de menús e barra de ferramentas na parte superior, e conteñen a maior parte do acceso ás funcións do software. A ventá de propiedades amosará contidos relativos á selección na barra de navegación, o contido de diversa información e acceso para o axuste. A barra inferior proporcionará o acceso rápido da páxina configuración da propiedade e o zoom. Pódese cambiar a barra de ferramentas para ser colocada na parte inferior. A barra de navegación e as ventás de propiedades tamén se poden cambiar á dereita. Mesmo pode ocultar a barra de ferramentas, barra de navegación e a ventá de propiedades facendo clic en Ver na barra de menú.


### **Barra de ferramentas:**

A barra de ferramentas pode ser totalmente personalizada. Algunhas das ferramentas amosanse na barra de ferramentas por defecto, mentres que outras están ocultas pero se poden engadir cando se desexe. A barra de ferramentas divídese en 3 partes: "Arquivo", "Edición" e "Vista e Ferramentas".


## Ficheiro



## Editar




## Ver



## Multimedia




## Ferramentas



## Debuxar







## Configuración




### Personalización da barra de ferramentas

Pode configurar a barra de ferramentas superior ao seu gusto, creando novos grupos de ferramentas, tanto internas coma externas, é dicir, pode engadir un acceso directo a calquera ferramenta ou software de terceiros para tela sempre accesible dende multiCLASS Book.

Para personalizar a barra de ferramentas, pulse o botón  que está na parte superior dereita da pantalla do software. Accederá á personalización da barra de ferramentas. Para engadir ou quitar calquera ferramenta, simplemente seleccione e arrastre esta ao grupo que desexe.




Para engadir programas externos, facer clic en "Engadir" (debaixo da pantalla) e seleccionar o arquivo executable que desexe. Por exemplo, pode engadir un novo grupo e crear accesos directos aos seus navegadores preferidos buscando os arquivos.exe na carpeta de "Arquivos de programas" (como pode ser chrome.exe, iexplorer.exe e firefox.exe). Despois, seleccionar as iconas que se engadiron en "Outros software" e arrástreos á barra de ferramentas, dentro do grupo correspondente:





### Barra de navegación lateral

A barra de navegación contén accesos directos a distintas seccións:

	Miniaturas de páxinas das nosas presentación		Cambiar a barra lateral Dereita/Esquerda
	Biblioteca		Inserir nova paxina
	Propiedades de liña e recheo		Páxina anterior
	Buscador de Google		Páxina seguinte
	Galería Google 3D Warehouse		Limpar páxina

### Barra inferior

A barra inferior permite axustar os diferentes estilos de vista:



- A: Pantalla completa
- B: Propiedades de nova páxina
- C: Rotar 90º no sentido das agullas do reloxo
- D: Rotar 90º no sentido contrario ás agullas do reloxo
- E: Axustar Zoom ao 100%
- F: Axustar Zoom (+) (-)
- G: Estado de conexión do hardware

## Administrador de Archivos



Dende o menú "Arquivos" pódese:

<i>Icona</i>	<i>Descrición</i>	<i>Icona</i>	<i>Descrición</i>
	Abrir documento		Novo documento
	Importar documento		Exportar documento
	Imprimir		Vista previa de impresión
	Gardar		Gardar como...
	Gardar como modelo		Enviar por email (deberá configurar un servidor de saída)



### **Importar**

Pódense importar os seguintes formatos de arquivos:

.pdf	.notebook	.iwb
.ppt	.pptx	.doc
.docx	.xls	.xlsx



### **Exportar**

Pódense exportar as presentacións aos seguintes formatos de arquivos:


.pdf	.iwb	.pptx	.html
.svg	.jpeg	.jpg	.bmp
.png	.avi	.mpeg	.swf

## Configuración




### Axuste de Idioma

Pode configurar o idioma do software e o do recoñecemento de textos dende a seguinte ventá que encontrara na pestana "Arquivo":



### Perfis de Usuario


Garde os axustes da barra de ferramentas en diferentes perfís de usuario. Ademais pode importar/exportar o perfil dende/a outro ordenador.



### Configuracións

Dende este menú poderá gardar diferentes configuracións:

- Active "Auto Gardado" e a frecuencia de gardado
- Smart Gesture: dende aquí poderá activar/desactivar o recoñecemento de xestos.













# Creación de contidos

## Debuxando




### Pluma

O software ofrécelle distintos tipos de plumas con formas e propiedades diferentes para que use o indicado en cada debuxo ou trazo:

Icona	Descrición	Icona	Descrición
	Pluma		Pluma máxica
	Lapis		Lapis para dous usuarios
	Lapis para catro usuarios		Lapis para seis usuarios
	Subliñador		Lapis con recoñecemento de escritura
	Pluma intelixente		Lapis con recoñecemento de escritura

Ademais das múltiples ferramentas para debuxar, hai ferramentas que lle axudan a desenvolver o seu propio deseño: pode cambiar diversas cores, transparencia e estilo de liña na ventá de barra de propiedades.



Tamén pode acceder a estas ferramentas dende  na barra lateral.



- A: Seleccionar cor
- B: Seleccionar tipo de liña
- C: Seleccionar transparencia



### Selección de cor

Pode elixir diferentes cores preestablecidas no software. As cores máis usadas gardaranse para que as poida utilizar doadamente. Ao seleccionar "Máis cores", pode entrar no panel de cor. Defina as súas propias cores, faga clic en "definir cores personalizadas" e, a continuación, introduza o valor RGB ou faga clic en calquera cor que desexe.






### Selección do tipo de liña

O estilo de liña pódese cambiar en diferentes formas. Pode cambiar o ancho de liña e guións. Tamén pode seleccionar o estilo do principio e o final da liña.



### Transparencia

Pódese axustar a transparencia para o debuxo ou liñas. Tamén pode axustar a transparencia de fotos ou outros obxectos.



### Borrador

Tamén existen varias ferramentas para borrar ou eliminar debuxos, imaxes, fotos, etc.

Icona	Descrición	Icona	Descrición
	Borrador. Dispoñible en tres tamaños distintos 		Borrador de selección
	Eliminar selección		Limpar páxina
	Desfacer		Refacer

## Debuxando formas

multiCLASS Book conta con múltiples ferramentas de formas xeométricas que poden axudarlle a debuxar algunhas formas comúns, por exemplo, círculos, triángulos, rectángulos...



Tamén conta con ferramentas para debuxar corpos 3D.




## Ferramentas de Xeometría

Outra opción para debuxar figuras e corpos xeométricos son as seguintes ferramentas:




### Compás




Axustar a posición e o tamaño do compás, poñer o cursor sobre o extremo dereito e movelo cando se mostre a seguinte icona


Exemplo:




### Regra




Axustar a posición e o tamaño da regra. Cando se mostre o cursor poderá debuxar a liña recta sobre os lados con numeración  
Exemplo:



### Escuadra



Axustar a posición e o tamaño do escuadro. Cando se mostre o cursor poderá debuxar a liña recta sobre o lado con numeración.  
Exemplo:



### Transportador



Despois de axustar o "Marcador de Graos" na posición desexada, faga clic sobre a icona para debuxar o ángulo

Exemplo:



## Inserir material multimedia

Ademais do debuxo, pódense inserir diferentes materiais no software de multiCLASS, enriquecendo os seus documentos con contidos atractivos.

Pode inserir arquivos multimedia no documento usando as ferramentas correspondentes. Faga clic nas ferramentas, e logo elixir o arquivo que desexa inserir:



Inserir Imaxe



Inserir Flash



Inserir Audio



Inserir Vídeo



Inserir Modelo 3D

Tamén se pode enriquecer a presentación con diferentes ferramentas:



### **Inserir imaxe desde Google**

Coa axuda da busca de imaxes de Google na barra de navegación, pódese obter de inmediato acceso a Internet e á busca da imaxe que queira. Só tes que escribir a palabra clave no campo e faga clic en buscar. A imaxe mostrarase automaticamente. Faga dobre clic ou arrastre a imaxe á zona de debuxo para inserir a imaxe. Nota: Para utilizar esta función, por favor asegúrese de que posúe conexión a internet.



### **Inserir captura de pantalla**

Pode inserir unha captura de pantalla, elixindo entre as 3 opcións de captura dispoñibles



A: Captura libre

B: Captura dunha área rectangular

C: Captura de pantalla completa

D: Marque o check se desexa que a captura se insira nunha páxina nova





## Hipervínculos

Pode engadir hipervínculos a calquera obxecto, imaxe ou texto, facendo clic na imaxe e seleccionando "Hipervínculo" no menú despregable (arriba á dereita do obxecto).

Abrirose unha ventá onde poderá seleccionar o tipo de hipervínculo:


URL: para abrir unha páxina web no navegador


Páxina: para ir a outra páxina dentro da presentación de multiCLASS Book

Arquivo: para abrir calquera arquivo do PC.



Unha vez creado o hipervínculo, poderemos lanzalo de dúas maneiras diferentes:

Por icona: engadirase unha icona  en forma de clic ao obxecto e para executalo haberá que premer. Por obxecto: simplemente hábera que premer sobre a icona para lanzar o hipervínculo.



## Biblioteca

Pode acceder á biblioteca de imaxes dende a barra de navegación. Existen 2 tipos de librarías neste software:

A libraría pública contén imaxes en 2D, 3D e contidos interactivos. Os contidos interactivos permiten aos usuarios editar e gardar estes cun propósito educativo.

Na libraría persoal ("A miña Biblioteca") vostede pode engadir calquera tipo de contido. Para facelo, só ten que facer clic na lista do menú do obxecto e seleccionar "Gardar galería" para gardar o seu arquivo.




## Inserir texto

Pódese inserir texto a través do teclado do ordenador, do teclado virtual ou a través da escritura a man alzada:



### Texto

Con esta ferramenta pode inserir o texto que desexe e darlle formato: tipo de letra, tamaño, cor e transparencia.



### Recoñecemento de escritura

Dende o software multiCLASS Book pode converter a súa escritura a man alzada en formato de texto mediante o recoñecemento de escritura:




Pode utilizar o lapis con recoñecemento de escritura. Despois de escribir, amosanse diferentes opcións que recoñeceu o software.

HOLA
HOZA
HOYA
HOPA
HOJA




Tamén pode utilizar a pluma normal. Despois de escribir, seleccione o menú despregable (arriba á dereita do obxecto) ou co botón dereito, e na opción "Recoñecemento" amosanse as diferentes opcións que recoñeceu o software.



## Edición de obxectos

Pode editar calquera obxecto co que estea a traballar dende a área de debuxo, xa sexa unha foto, unha imaxe da biblioteca, un debuxo ou calquera outro obxecto inserido. Para iso ha de seleccionalo co punteiro (ou co dedo) e amosara o que lle ofrecen as seguintes opcións:



### Menú despregable

Se fai clic na lista do menú (á cal tamén pode acceder a través do botón dereito de rato) despregarase un menú coas seguintes funcións:



A maioría das funcións son moi intuitivas e doadas de comprender. Pero cabe facer algunhas aclaracións sobre:

**Bloquear/Desbloquear:** con esta opción permanecerá fixo o obxecto se o bloquea ou permitiralle que volva traballar con el se o desbloquea.

**Ordenar:** cando hai dous obxectos superpostos, pode ordenalos co fin de mostrar o efecto das diferentes capas. , Por exemplo, traelos á fronte, ou envialos ao fondo.

**Hipervínculo:** ver páxina 20.


**Gardar en galería:** permite gardar calquera foto ou imaxe que engadísemos á presentación en "A miña Biblioteca". Ver Biblioteca en páxina 20.

**Exportar foto:** permite gardar calquera foto ou imaxe en formato .jpg, .png, .jpeg ou .bmp

## Edición de imaxes

Calquera imaxe se pode editar con máis opcións no editor de imaxes. Faga dobre click sobre a imaxe e a ventá de edición aparecerá. O editor conta coas seguintes opcións:

- Normal
- Efecto sombra
- Efecto desenfocado
- Efecto cor
- Efecto opacidade
- Efecto de brillo
- Efecto mosaico



unha vez seleccionado o efecto que desexe aplicar, poderá axustar o valor a aplicar dende a parte superior dereita

Tamén pode recortar parte da imaxe coa ferramenta de recorte:



## Outras funcións



### Modo pantalla completa

Se o desexamos podemos traballar a pantalla completa e seguir dispoñendo dunha barra flotante, con acceso directo ás ferramentas máis importantes:



<i>Icona</i>	<i>Descrición</i>	<i>Icona</i>	<i>Descrición</i>
	Ao activar esta opción poderá traballar sobre Windows e realizar calquera acción: utilizar calquera software, modificar un arquivo, navegar por internet, etc.		Activar/Desactivar fondo transparente. Co fondo transparente poderá traballar sobre calquera ventá de Windows
	Punteiro		Desprazar pantalla
	Pluma		Pluma intelixente
	Subliñador		Pluma máxica
	Seleccionar cor		Borrador
	Desfacer		Refacer
	Páxina anterior		Páxina seguinte
	Captura de pantalla		Ferramenta de votación
	Limpar páxina		Minimizar barra flotante
	Saír de pantalla completa		

Esta barra flotante pode seleccionarse e moverse por toda a pantalla para sitala onde queira.



## Cámara de documentos

Poderá utilizar esta ferramenta cun visor de documentos multiCLASS ou calquera outro, para realizar capturas de calquera obxecto ou documento que desexe e incorporalas ao software do encerado para editalas ao seu gusto.

Funcións da cámara de documentos:

Icona	Descrición	Icona	Descrición
	Mover páxina		Aumentar Zoom
	Pluma		Diminuír Zoom
	Pluma intelixente		Área zoom in
	Limpar páxina		Xirar a vista
	Seleccionar cor		Capturar
	Volver á vista normal		Configuración



## Cortina e Foco




As ferramentas de Cortina e Foco serven para ocultar unha zona da pantalla ou resaltar outra, ambas as dúas pódense facer máis ou menos grandes cos botóns / ou rotar a cortina co botón

A cortina proporciona unha zona oculta rectangular mentres que o foco o fai cunha circunferencia.



## Lupa

Podemos usar a lupa para aumentar unha zona da nosa presentación e mesmo configurar o zoom e a transparencia desta.



## **Playback**

Con esta ferramenta poderemos facer un percorrido automático por toda a nosa presentación e observar como fomos compoñendo cada páxina desta. É unha moi boa ferramenta para repasar o desenvolvemento dun tema paso a paso.

## **Reprodutor de vídeo**

Coa axuda do Reprodutor de Video, pode visualizar a maioría dos videos do seu ordenador. Faga clic na icona para inserir un video existente no ordenador e comezar a reproducilo. Ademais, pode debuxar, xirar e cambiar as dimensións do video de forma moi sinxela e mentres se está a reproducir.



## **Reprodutor de texto**

O reprodutor de textos pode pronunciar a palabra que escribiu no documento. É compatible con multi-idioma. Faga clic no texto despois da selección da ferramenta, pronunciarase o texto automaticamente.


O idioma que fala depende da configuración de Windows. Pode configuralo no Panel de control Recoñecemento de voz de texto a voz. Ademais pode elixir entre distintos tipos de voz e velocidades de lectura.

## **Gravadora de pantalla**

Pode gravar un video de todas as accións realizadas sobre o encerado usando esta ferramenta. Pode elixir entre gravar a pantalla completa ou pantalla desó una zona. Unha vez que se fai clic nun dos botóns de gravación comencará a gravar inmediatamente.

Pode facer unha e reanuda a gravación ou simplemente páralo. Despois de deter a gravación, vostede terá que elixir a ubicación onde gardar o arquivo. Pode reproducir ou video directamente na ferramenta despois de gardarlo.

Na parte inferior, pódese axustar a configuración da gravadora de pantalla. Necesitará ter conectado e activado un micrófono ao equipo se desexa gravar audio.





### Ferramenta 3D

A ferramenta 3D soporta a visualización de contidos modelados en 3D. Permite mover, rotar e/ou facer zoom. Pode facer unha captura de pantalla e inserirse no documento automaticamente.

Ademais, o usuario pode descargar modelados dende Google. Faga clic nos seguintes enlaces para ser redirixido: [sketchup.google.com/3dwarehouse/](http://sketchup.google.com/3dwarehouse/)

Formatos admitidos: \*.obj, \*.dae, \*.3ds, \*.off, \*.coff, \*.stl, \*.zip, \*.kmz




<i>Icona</i>	<i>Descricion</i>	<i>Icona</i>	<i>Descrición</i>
	Punteiro		Rotar
	Ver liñas de modelo		Mostrar partes ocultas
	Ver/Ocultar selección actual		Gardar imaxe en presentación
	Pluma		Limpar páxina
	Reproducir (xiro 360º)		Pantalla completa
	Aumentar Zoom		Diminuir Zoom
	Saír		






### Editor de fórmulas matemáticas

Coa axuda do editor de fórmulas, pode inserir fórmulas matemática sinxelas ou moi complexas. Tamén pode cambiar o tipo de letra, tamaño e cor das palabras na páxina de configuración.



### Debuxo de funcións matemáticas

Pode debuxar gráficos de curvas utilizando unha función matemática. Despois de facer clic na icona, a ventá gráfica aparecerá. Pode introducir a súa fórmula no interior da área de edición e establecer o parámetro de X e Y. Tamén dispón dunha serie de funcións matemáticas preestablecidas.



## Servizo postvenda

multiCLASS ofrece diferentes servizos a través da súa canle de distribución: instalación, mantemento, configuracións, asesoramento, etc.

### *Soporte Técnico*

Email Servizo técnico multiCLASS: [sat@multiCLASS.com](mailto:sat@multiCLASS.com)

### *Formación*

Email formación: [formacion@multiCLASS.com](mailto:formacion@multiCLASS.com)





Copyright © multiCLASS Education 2015. Todos os direitos reservados  
Este documento cobre a versão v.7.0 de multiCLASS Book.  
Data de documento: 30 de abril de 2015

[www.multiclass.com](http://www.multiclass.com)

[info@multiclass.com](mailto:info@multiclass.com)